

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2024/4	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	09 de febreiro de 2024
Duración	Dende as 13:15 ata as 13:40 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula M ^a Fernández Pena
Secretario acctal.	David García Lareo

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 02.02.2024	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 02 de febreiro de 2024.	

Expediente 266/2024. Solicitud de Prestación de Servicios Sociales. Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 09 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e precisa trasladarse a a Santiago para a asistencia a unha cita médica.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do servizo de traslado de Silleda a Santiago en taxi.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Don Jesús Colmeiro Araújo propietario da licenza do taxi que realizou o traslado, e que se corresponde coa factura número 01/24 por importe de 60 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1293/2023. Contratacións. Prórroga na execución do contrato “REFORMA DE VESTUARIOS DEL CAMPO DE FÚTBOL DE OUTEIRIÑO Y DEL PABELLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DEL CONCELLO DE SILLEDA”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de prórroga, Rexistro de Entrada 2024-E-RE-146, de data 03/02/2024, realizada por Don Carlos Presas Lamazares, DNI ***136***, en nome e representación de URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con CIF B44952430, empresa adxudicataria do contrato de obras “REFORMA DE VESTUARIOS DEL CAMPO DE FÚTBOL DE OUTEIRIÑO Y DEL PABELLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DEL CONCELLO DE SILLEDA” Expediente 1293/2023 deste Concello, que recolle o seguinte:

“EXPÓN

Primero.- que URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., ha sido la adjudicataria de la obra “REFORMA DE VESTUARIOS DEL CAMPO DE FÚTBOL DE OUTEIRIÑO Y DEL PABELLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DEL CONCELLO DE SILLEDA”.

Segundo.- que el plazo límite para la ejecución de la obra especificada finaliza el día 14 de febrero de 2024.

Tercero.- que, por las circunstancias que seguidamente se exponen, todas ellas ajenas a URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., se ha producido un retraso en la ejecución de la obra:

- 1. Retraso en el suministro de materiales por parte de los proveedores, debido al periodo vacacional del mes de diciembre de 2023, así como a la especificidad de algunos de ellos.*
- 2. Dado que la obra incluye la reforma simultánea de los vestuarios del campo de fútbol de Outeiriño y del pabellón de deportes César González Fares, desde los coordinadores de ambas instalaciones, se ha solicitado a Urbanismo Técnico Sostenible, S.L. la posibilidad de ejecutar la obra en dos fases diferentes, primero los vestuarios del pabellón y posteriormente, una vez terminada esta fase, llevar a cabo la remodelación de los del campo de fútbol.*

Cuarto.- que, ambas circunstancias expuestas, conllevan un retraso en la ejecución de la obra, por lo que esta adjudicataria se ve en la necesidad de solicitar una ampliación de plazo de 45 días para la terminación de la obra, nuevo plazo que terminaría el día 30 de marzo de 2024.

Dado todo lo expuesto SOLICITA:

Tengan por presentada la presente SOLICITUD DE AMPLIACIÓN DE PLAZO DE EJECUCIÓN DE OBRA en tiempo y forma, sírvanse admitirla y en su virtud ACUERDEN:

Único. - conceder a URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., adjudicataria de la obra "REFORMA DE VESTUARIOS DEL CAMPO DE FÚTBOL DE OUTEIRIÑO Y DEL PABELLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DEL CONCELLO DE SILLEDA" una ampliación del plazo de ejecución de la obra de 45 días, hasta el día 30 de marzo de 2024."

Visto que ó mencionado escrito adxúntase informe favorable xustificativo de solicitude de prórroga para ampliación do prazo de execución, asinado polo Director de Obra, Don MANUEL ABELLEIRA ARGIBAY.

Por todo iso, en virtude do disposto na Disp. Adic 2ª LCSP, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder á mercantil, URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con CIF B44952430, como adxudicataria do contrato de obras, unha prórroga de 45 días na execución do contrato "REFORMA DE VESTUARIOS DEL CAMPO DE FÚTBOL DE OUTEIRIÑO Y DEL PABELLÓN MUNICIPAL CÉSAR GONZÁLEZ FARES DEL CONCELLO DE SILLEDA" Expediente 1293/2023 deste Concello por continxencias externas non imputables ou alleas á vontade do contratista que causaron a demora na terminación das obras no prazo previsto.

SEGUNDO.- Notificar á citada mercantil a concesión da presente prórroga.

Expediente 268/2024. Contratacións. “Hormigonado de camiño no lugar de Currospedriños, parroquia de Refoxos (Silleda)”**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a necesidade de proceder a hormigonar un camiño que da acceso o lugar de Currospedriños, parroquia de Refoxos (Silleda), que da acceso a catro vivendas en unha estabulación, e o seu estado actual ocasiona graves problemas de acceso tanto os veciños como os animais.

Visto que solicitado orzamento para a execución desta obra, preséntase por Construcciones Míguez Xestoso, S.L. unha oferta de 17.365,20 € mais 3.646,69 € de IVE o que fai un total de 21.011,89 €.

Visto o documento RC no que se contén que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación correspondente do orzamento do ano 2024, que é o prorrogado do 2023.

De acordo co artigo 118 da LCSP se consideran contratos menores os contratos de obras por importe inferior a 40.000 euros e os de servizos e subministros por importe inferior a 15.000 euros. Estes contratos poderán adxudicarse directamente a calquera adxudicatario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria.

Pode tamén afirmarse, de conformidade co artigo 118 da LCSP:

- Que non existen prestacións adxudicadas ou pendentes relacionadas co obxecto deste contrato que conxuntamente con este afecten ao procedemento de contratación.
- Que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Adxudicar por contrato menor de obra para “Hormigonado de camiño no lugar de Currospedriños, parroquia de Refoxos (Silleda)” a Construcciones Míguez Xestoso, S.L., polo importe de 17.365,20 € mais o IVE correspondente (3.646,69 €) o que fai un total de 21.011,89 € (IVE incluído).

Segundo.- Aprobar e dispoñelo gasto correspondente á prestación do servizo con cargo á aplicación 2024.4540.21000 do orzamento do ano 2024 (prorrogado do ano 2023) ou no seu nivel de vinculación xurídica, por importe de 21.011,89 € (IVE INCLUÍDO)

Terceiro.- Aos efectos da presentación da factura electrónica de conformidade coa Lei 25/2013 de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público comunicamos o seguinte:

O Concello de Silleda co CIF P-3605200-I está adherido ao FACe cos seguintes códigos:

. L01360524 INTERVENCIÓN (Oficina Contable)

- L01360524 ALCALDÍA (Órgano Xestor)
- L01360524 CENTROS XESTORES (Unidade Tramitadora)

Cuarto.- Nomear como Director das Obras ó Enxeñeiro de Camiños, redactor do proxecto, Román Gómez Fraiz, dentro do contrato asinado.

Quinto.- Notificar este acordo ó adxudicatario.

Sexto.- Publicar a adxudicación deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda.

Expediente 191/2024. Procedemento Xenérico. Plan de xestión de colonias felinas do Concello de Silleda

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a Lei 7/2023 de 28 de marzo, de protección dos dereitos e do benestar dos animais, que establece a obriga dos concellos de xestionar as colonias felinas, o que implica a necesidade de identificar, esterilizar, vacinar e desparasitar aos animais que as integran.

Vista a necesidade de dar cumprimento á devandita Lei, faise preciso a creación de colonias felinas legalmente establecidas no Concello de Silleda para posteriormente poder realizar a xestión destas a través do método CER (captura, esterilización e retorno).

Visto que para a xestión das colonias felinas legalmente establecidas o Concello prevé adherirse ao Protocolo de Actuación de colaboración provincial para a esterilización de gatos comunitarios (23/01/2024).

Visto que as colonias identificadas no termo municipal, na data de hoxe son as seguintes:

1.- Á altura das vivendas núm. 77 e 79 da rúa Trasdeza de Silleda, nos xardíns que teñen na parte posterior que conforman unha ampla zona delimitada polas rúas Venezuela, Progreso e Emilio Alonso Paz.

Nesta ubicación estimase a existencia de 20 animais dos que todos poderían ser obxecto de esterilización

2.- No lugar do Foxo, Silleda, nos arredores da vivenda núm. 15 atópase outra colonia.

Nesta ubicación estimase que habitan 12 animais, 4 machos e 8 femias dos que todos poderían ser obxecto de esterilización.

3.- No lugar de Gorís (Lamela), nos arredores da vivenda núm.11.

Nesta ubicación estimase que habitan 8 animais, 6 machos e 2 femias dos que todos poderían ser obxecto de esterilización.

4.- No lugar de Galán (Laro), nos arredores da vivenda núm 21.

Nesta ubicación estimase que habitan 30 animais, dos que todos poderían ser obxecto de esterilización.

Visto o **Plan de xestión de colonias felinas do concello de Silleda** (Anexo I) no que se recolle o modelo de xestión a empregar para poder adherirse ao Protocolo anteriormente mencionado.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, ACORDA:

Primeiro.- Dar de alta as colonias felinas coa finalidade de que queden legamente establecidas no Concello de Silleda.

Segundo.- Aprobar o Plan de xestión de colonias felinas do concello de Silleda

Terceiro.- Aprobar a adhesión ao Protocolo de Actuación de Colaboración Provincial da Deputación de Pontevedra para a Esterilización de gatos Comunitarios

ANEXO I PLAN DE XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS CONCELLO DE SILLEDA

INDICE:

- 1. Introducción. 3**
- 2. Obxectivos. 3**
- 3. Execución do plan: 4**

1. Introducción.

A Lei 4/2017 de 3 de outubro de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia. Segundo o seu artigo 26 di:

- *Os concellos poderán establecer conforme ás condicións e requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións da contorna o permita, coa fin da súa protección e control da poboación.*
- *Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do concello, a quen compete a vixilancia e control sanitario destas poboacións.*

Chegado este momento, é preciso que o Concello conte cun programa de xestión de colonias felinas que estandarice os traballos e metoloxía empregados, co obxecto de controlar a poboación das colonias urbanas felinas e manter a súa saúde, optimizando os recursos e medios necesarios.

2. Obxectivos.

Os obxectivos do PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DAS COLONIAS FELINAS a través do método CER/CERV son conseguir que a colonia felina desapareza, empregando para iso procedementos onde se cumpran os preceptos de benestar animal, saúde pública, onde se manteña unha convivencia respectuosa entre gatos e seres humanos, se leve a cabo un control da poboación adecuado e unha xestión ética. Este obxectivo xeral, alcanzaremos logrando unha serie de obxectivos máis concretos á hora de aplicar o plan de xestión:

- **BOA UBICACIÓN DA COLONIA.**
- **INSTALACIÓNS AXEITADAS.**
- **MINIMIZAR DANOS E MOLESTIAS OCASIONADAS POLOS GATOS E AOS GATOS.**
- **CONTROL DA POBOACIÓN DA COLONIA.**
- **BO ESTATUS SANITARIO DA COLONIA.**
- **MINIMIZAR O RISCO SANITARIO PARA A POBOACIÓN**

3. Execución do plan:

Xa estamos en condicións de comezar coas actuacións propias do método CER/CEVR., que comprenden:

- Captura dos gatos da colonia
- Control sanitario (desparasitación e vacinación)
- Esterilización de como mínimo o 75% dos integrantes
- Identificación (marcaxe con corte na orella e microchip)
- Retorno ao territorio de orixe.
- Alimentación, limpeza e desinfección da zona
- Seguimento e vixilancia da colonia.
- Compromiso e dedicación.

CAPTURAS DOS GATOS. Esta actuación consiste na captura do maior número posible de gatos da colonia mediante gaiola trampa, usando como cebo comida fresca. Deberíanse capturar todos os gatos da colonia (ou polo menos o 75%) antes de reintroducilos de novo, porque corremos o risco de capturar varias veces un gato e que queden outros sen capturar.

Antes de colocar as trampas debemos pormos en contacto cos servizos veterinarios para informar deste feito. É importante coordinarse co veterinario, porque tras as capturas, todas aquelas actuacións sanitarias ao animal débense levar a cabo no menor tempo posible.

Os encargados do trampeo dos gatos poderán ser empregados municipais ou persoal persoal colaborador autorizado para tal fin. Estes “capturadores-colaboradores” teñen que contar coa formación adecuada e coas oportunas autorizacións.

Cando se capture un ou varios gatos na gaiola trampa, debe taparse esta cunha toalla e trasladalos canto antes a un centro veterinario u centro de recollida de animais abandonados. Débese aproveitar o momento de retirar unha gaiola da colonia para colocar outra no seu lugar. Isto é importante de cara a capturar o maior número de gatos no menor tempo posible.

Unha vez no centro veterinario ou centro de recollida, o veterinario farase cargo do gato/os , e o operario procederá a trasladar a gaiola trampa e demais material utilizado na captura até a nave habilitada como almacén, onde lavará coidadosamente todo o material, desinfectando aquel que sexa posible, deixándoo listo para un novo uso.

CONTROL SANITARIO: O veterinario á chegada do gato abriralle unha ficha clínica, na que incluírá unha foto do gato e indicará a colonia á que pertence, a data de chegada e o operario que o levou.

ESTERILIZACIÓN: Para poder alcanzar o control poboacional efectivo da colonia, establécese que se debe esterilizar polo menos o 75% dos seus integrantes.

IDENTIFICACIÓN: Para unha correcta execución do plan de xestión, necesitamos ter identificados aos gatos, podendo optar pola colocación do microchip e inscrición no rexistro oficial, e por outro un sistema para unha xestión interna do método CER/CEVR mediante unha marca (amputación) auricular, tamén é altamente recomendable ter un rexistro de imaxes fotográficas que identifiquen a todos os gatos da colonia.

RETORNO: Un gato sempre se retornará á mesma colonia da que partiu, nunca se pode trasladar a outra colonia. O retorno producirase canto antes tras a cirurxía, e liberarase no lugar onde foi capturado.

ALIMENTACIÓN, LIMPEZA E DESINFECCIÓN DA ZONA.

Unha vez establecida a colonia, chega o momento do mantemento da mesma. Este mantemento abarca varios aspectos, tanto os relacionados con os propios animais como os relacionados co ambiente e a parcela sobre a que se sitúa a colonia. Non serven de nada as fases anteriores de captura-esterilización-retorno, se non se realiza un mantemento adecuado da colonia, e este require dedicación e compromiso a longo prazo. Até a consecución do obxectivo final, de conseguir a redución ou mesmo a desaparición da colonia, adoitan pasar anos, podendo non ser alcanzado este obxectivo.

- **Alimentación**
- **Limpeza e desinfección**

SEGUIMIENTO E VIXILANCIA DA COLONIA.

Tras finalizar con éxito a captura-esterilización-vacunación-desparasitación e retorno de polo menos o 75% dos individuos da colonia, conseguindo que a colonia se estableza na localización elixida, e unha vez deseñado e executado un plan de mantemento que inclúa a alimentación, limpeza e coidados da colonia; é o momento de establecer un plan de vixilancia e seguimento. Neste plan

débese incluír o control dos animais que integran a colonia desde o punto de vista poboacional, nutricional e sanitario. Tamén se debe de ter en conta o caso dos novos gatos que acceden á colonia, localizándoos, capturándoos e procedendo á esterilización-vacunación-desparasitación e retorno en caso de non ter dono coñecido.

INFORMACION AOS VECIÑOS.

A correcta información á cidadanía é unha das claves fundamentais do bo resultado deste programa. Aquí se detallan as claves dun axeitado programa de información.

Realizáranse reunións coa veciñanza. Estas deberán ter lugar en horario non laboral de luns a venres e antes da difusión por:

- Medios de comunicación
- Impresión e distribución de trípticos, folletos e libretos
- Carteis ou valos con información
- Redes sociais.

Estas reunións contarán coa participación das asociacións de veciños, asociacións de animais e clínicas veterinarias.

A información que debe conter o programa de información aos veciños é a seguinte:

Que é unha colonia felina?

Considérase colonia felina a un grupo de gatos da especie *Felis catus*, que viven en estado de liberdade ou semiliberdade, que non poden ser abordados ou mantidos con facilidade polos seres humanos debido ao seu baixo ou nulo grao de socialización, pero que desenvolven a súa vida ao redor destes para a súa subsistencia.

Quen forma as colonias felinas?

O gato de colonias, denominado gato feral, non é un gato sen fogar, o seu fogar é ese territorio agrupándose en colonias felinas, son gatos sen experiencia previa de contacto con humanos polo que, ante a presenza destes, escóndense.

Que é o método CER/CERV?

É o método de xestión que inclúe a captura, esterilización e retorno dos gatos comunitarios a través de medios non lesivos para os animais.

Os seus principais beneficios:

- Baixa a prevalencia das enfermidades infecciosas.
- Mellorará a calidade e cantidade da alimentación
- A zona de alimentación estará limpa e higienizada.
- As femias deixarán de sufrir a tensión ao non ser sexualmente activas, diminuírá o crecemento exponencial da poboación. Hai estudos que demostran, que con taxas de

esterilización do 75% dos integrantes da colonia, esta estabilízase co paso do tempo. Mesmo hai algún caso documentado que co 90% dos integrantes esterilizados, diminúe o número de individuos que conforman a colonia de forma progresiva.

- Evítanse pelexas, agresións e feridas entre os machos ao estar esterilizados e non ser sexualmente activos, non percorren tanta distancia en procura de parella, polo que diminúe a posibilidade de sufrir accidentes e atropelos.
- O método C.E.R. permite cumprir coa normativa actual de “sacrificio cero”

Beneficios das colonias felinas

O establecemento de colonias controladas repercute positivamente na poboación e ofrece vantaxes para os veciños:

- Redución ou eliminación dos problemas ocasionados por gatos non esterilizados: superpoboación felina, malos cheiros por marcaxe, rúidos por pelexas e por miañar...
- Redución de casos de gatos mortos por enfermidades e atropelos, e mellora das condicións de seguridade e saúde pública.
- Control da proliferación doutras especies, como roedores e insectos, xa que os gatos son o método máis eficaz, natural, ecolóxico e económico de equilibrio de poboacións.
- Redución da presenza de alimentadores non autorizados na zona, reducíndose o lixo e os malos cheiros por alimentos en descomposición.
- Redución dos conflitos entre partidarios e detractores da presenza de gatos.
- Mellora das condicións naturais e paisaxísticas da localidade, xa que unha colonia de gatos en bo estado proporciona atractivo visual e entretemento a todo tipo de veciños e visitantes.

Cantos gatos deben ter a colonia?

Non existe un número de gatos establecido de exemplares para a colonia, isto dependerá da capacidade da contorna para integrar os devanditos animais e tamén, do número de persoas que se ocupan de prestarlles os coidados necesarios.

Podo instalar comedeiros, bebedeiros, areeiros, refuxios, e calquera outro elemento?

A ocupación de espazos públicos con elementos de calquera tipo ten que ser autorizada polo órgano municipal correspondente. A colocación de elementos non suxeitos ás autorizacións e condicións indicadas pode supor que estes sexan retirados en calquera momento polos servizos de limpeza.

Teño coñecemento da existencia dunha poboación de gatos. Que teño que facer?

Debes comunicalo ao teu concello a través do modelo normalizado.

Podo colaborar no coidado das colonias felinas?

A través do concello, solicita ser incluída na relación de colaboradores/voluntarios autorizados, na figura que queres desempeñar.

- Responsable de colonia
- Alimentador – coidador
- Persoal de captura.

- Colaborador e voluntario.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE